




**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ría de Camariñas. Municipio: Camariñas. Parroquias: Santa María de Xaviña. Extensión: 0,84km2.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade conformada pola culminación meridional do Monte da Insua, rematada na Punta Sandría. As vertentes máis pronunciadas da ladeira oeste dan lugar a unha costa acantilada de pendentes entre fortes e moderadas. En cambio, as ladeiras orientais desta elevación describen un maior percorrido, aínda existindo tramos de considerable desnivel, até descender a unha plataforma costeira lixeiramente tendida cara ao sueste, na que se desenvolven as únicas praias e enseadas deste tramo da Ría do Porto.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade contén un granitoide migmático hercínico no que aparecen ás veces nebulitas. Dentro xa do aparello intermedio da ría de Camariñas, con maior colmatación do val inundado, o Cuaternario aparece representado en depósitos areosos e lamacentos, centrados na praia, duna e bancos areosos intermareais de Arela.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira de ambiente climático Cálido e Húmido definido por temperaturas medias anuais superiores a 15°C e precipitacións acumuladas entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C.

#### OS SOLOS

Dominio dos solos pouco evolucionados do tipo regosol sobre o substrato granítico da vertente do Monte da Insua. Presenza de solos costeiros relacionados cos procesos de sedimentación fluvio-mariño, formando arenosos álbicos e fluvisos arénicos no contorno de Arela.


#### AS AUGAS

A proximidade do Monte da Insua á Enseada da Basa obriga a que a rede fluvial sexa moi reducida. Os cursos de auga verten directamente ao mar, ben ás Augas Costeiras da Ría de Camariñas (20136) polo oeste, ben ás da Ría do Porto (20482) polo sur.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Incluída na área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte. Estamos ante unha costa mixta, con tramos de cantil baixo e sectores de praia e chaira intermareal areosa. Ademais dun hábitat 1230 de cantis mariños atlánticos moi transformado, aparece o 1210 de refugallo mariños acumulados nas plataformas rochosas e bancos de area costeira. A presenza de bancos areosos intermareais permite que podamos falar da existencia do hábitat 1140, chairas lamacentas e areosas que non están cubertas de auga cando baixa a marea; e do 1110, bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña pouco profunda. Tamén hai que destacar os medios de dunas da praia de Arela, pertencentes ao grupo 21, "Dunas marítimas das costas atlánticas, do Mar do Norte e do Báltico". O medio continental está profundamente transformado.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A totalidade do solo desta unidade dedícase a uso forestal, cunha repoboación a base de piñeiro en combinación con eucalipto, a excepción de determinadas parcelas que están cubertas por vexetación costeira de mato sen un uso produtivo. Na costa sur hai unha zona na que a confraría de Camariñas recolle ameixa e berberecho, e a área dos areais e o seu merendeiro lindeiro confiren á unidade un uso turístico nos meses estivais.

#### MORFOLOXÍA

Non existe ningún asentamento de poboación no ámbito desta unidade paisaxística.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Unha estrada rodea o Monte da Insua pola súa base, transcorrendo moi próxima á liña de costa e continuando logo pola vertente oriental da Enseada de Vasa. O resto de vías que conforman a rede viaria deste territorio son unha serie de pistas forestais que garanten a accesibilidade ás diferentes parcelas repoboadas.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Nesta unidade non existe ningún elemento catalogado como patrimonio cultural.



### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade caracterízase por constituir unha paisaxe homoxénea, xa que o uso do solo é constante en toda a súa superficie, ten unhas características orográficas continuas (toda a unidade desenvólvese en ladeira) e non presenta alteracións ou intervencións puntuais que signifiquen unha determinada parte con respecto a outras. Constitúen a súa organización actual unha serie de pistas forestais que, xunto á estrada principal que percorre o ámbito paralelamente á costa, determinan a estrutura parcelaria que acolle as actuacións de repoboación mediante piñeiro e eucalipto. A actividade humana que se desenvolve neste ámbito se limita a un uso estacional da Praia de Punta Sandria como recurso turístico, para o que se habilitou unha zona de merendeiro no piñeiral lindeiro.

### DINÁMICA DA PAISAXE

As actividades de explotación forestal que hoxe en día ocupan a totalidade do ámbito son de orixe relativamente recente, xa que antes o Monte a Insua non tiña unha función produtiva como a ten agora. Orixinariamente tratábase dunha superficie cuberta por vexetación costeira de mato, case sen pistas de acceso e moi pouco parcelada. A introdución destas novas actividades produtivas comportou unhas necesidades de accesibilidade que supoñen, realmente, as únicas alteracións importantes que se produciron no territorio.

### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha unidade homoxénea, cuxo uso forestal lle confire un cromatismo uniforme só alterado polas praias de area branca do bordo litoral. Desde o punto de vista paisaxístico, este ámbito supón un importante fito no conxunto que forman a desembocadura do río Grande e a Ría de Camariñas. O Monte da Insua, coas enseadas de Vasa e Xaviña, está incluído no Espazo de Interese Paisaxístico Monte da Insua. Sen ser excesivamente alto, o Monte da Insua elévase como refiro na sucesión que formarían, desde o fondo da desembocadura, os núcleos de Ponte do Porto, Cereixo e Camariñas. Destaca a importancia sobresaiante deste Espazo de Interese Paisaxístico desde o punto de vista da súa representatividade como fitos configuradores da paisaxe. Do mesmo xeito son ámbitos sometidos a unha elevada exposición visual polo que calquera alteración que non atenda aos seus trazos ou elementos significativos pode ter un impacto importante na paisaxe litoral. Desde Monte da Insua xéranse conexións visuais que dominan a práctica totalidade da ría, servindo tamén como límite visual e paisaxístico do val de Xaviña, ao norte da unidade.





## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





